

MYKES
VOLUME 27, 2024
ÍNDICE

MICROBIOTA

- CASTRO, M.L.. Macromicetos do nordeste transmontano: São Martinho do Peso (Mogadouro, Portugal) **7**
CASTRO, M.L.. Mushrooms of Nordeste Transmontano: São Martinho do Peso (Mogadouro, Portugal)
- CASTRO, M.L.. Aportación ao coñecemento corolóxico dos macromicetos no concello de Muiños (Ourense, Galicia) **39**
CASTRO, M.L. Contribution to the chorological knowledge of macromycetes in the municipality of Muiños (Ourense, Galicia)
- REQUEJO, O. MELÓN-RAÑA, A. & CASTRO, M.L. Novas aportacións á micobiota das Gándaras de Budiño (Pontevedra, NW Península Ibérica) **59**
REQUEJO, O. MELÓN-RAÑA, A. & CASTRO, M.L. New contributions of the mycobiota of the Gándaras de Budiño (Pontevedra, NW Iberian Peninsula)
- REQUEJO, O. *Agaricus collegarum* nova especie para a micobiota galega e moi raro en Europa **89**
REQUEJO, O. *Agaricus collegarum* new species for the galician mycobiota and very rare in Europe
- ALBIZÚA, T. Estudo da micobiota de áreas queimadas en A Canicouva (Pontevedra) **97**
ALBIZÚA, T. Study of the mycobiota in burned areas of A Canicouva (Pontevedra)

MISCELÁNEAS

- Actividades do Grupo Micológico Galego. Ano 2024 **119**
Instrucións aos autores **120**

NOVAS APORTACIONS Á MICOBIOTA DAS GÁNDARAS DE BUDIÑO (PONTEVEDRA, NW PENÍNSULA IBÉRICA)

por

O. REQUEJO¹, A. MELÓN-RAÑA² & M.L. CASTRO³

REQUEJO, O., MELÓN-RAÑA, A. & CASTRO, M.L. 2024. Novas aportacións á micobiota das Gándaras de Budiño (Pontevedra, NW Península Ibérica). *Mykes* 27: 59-88.

Resumo

Neste artigo menciónanse 72 especies de *Basidiomycota*, novas para o catálogo da Zona de Especial Conservación (ZEC) Gándaras de Budiño (Pontevedra). Sete corresponden a novos rexistros para Galicia, que van acompañados de observacións e fotografías.

Palabras clave: *Basidiomycota*, Fungi, Galicia, Red Natura 2000.

REQUEJO, O., MELÓN-RAÑA, A. & CASTRO, M.L. 2024 New contributions of the mycobiota of the Gándaras de Budiño (Pontevedra, NW Iberian Peninsula). *Mykes* 27: 59-88.

Summary

In this paper we cite 72 new species of *Basidiomycota* collected in the Special Area of Conservation (SAC) 'Gándaras de Budiño' (Pontevedra). Seven taxa are new records for Galicia, for which we provide observations and photographs.

Key words: *Basidiomycota*, Fungi, Galicia, Natura 2000.

¹ Grupo Micológico Galego. Correo: oscarequejo@hotmail.com

² Grupo Micológico Galego. Correo: adrian.melon.r@gmail.com

³ Grupo Micológico Galego. Correo: ml.castro@sapo.pt

INTRODUCCIÓN

No presente traballo, que supón a continuación dos anteriores publicados por REQUEJO & CASTRO (2015a, 2015b, 2017, 2019), realízase unha nova revisión bibliográfica dende a última publicación e tamén se estudan novas *exsiccata* procedentes da Zona de Especial conservación (ZEC) Gándaras de Budiño (Pontevedra).

METODOLOXÍA

A extensión da zona de estudo, así como a metodoloxía e sistemática seguidas, continúan na liña das anteriores publicacións, que se poden consultar de forma pormenorizada en REQUEJO & CASTRO (2017).



Fig.1. Turbeira nas Gándaras de Budiño.

CATÁLOGO DE ESPECIES

No catálogo os taxons aparecen enumeradas alfabeticamente por ordes, familias e especies. Para a clasificación sistemática

consultouse a KIRK *et al.* (2008) e a base de datos INDEX FUNGORUM (en liña), desta última foron aceptadas todas as súas propostas de nome actual, a excepción de *Arrhenia onisca*, xustificada nos comentarios ao taxon. No caso de recentes recombinacións, na sinonimia indícanse os últimos nomes coñecidos. As coleccións están depositadas no herbario LOU-Fungi, no herbario do Grupo Micolóxico Galego (GMG-fungi) e no herbario persoal de un dos autores (AMR). A distribución para Galicia foron revisadas as bases de datos MICOGA (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ & CASTRO, en liña) e Catálogo de Fungos de Galicia (FGM, en liña), asimismo foron consultadas as bases de GIBF (en liña, 2024).

As 72 taxa catalogadas pertencen ás 10 ordes e 35 familias que figuran a continuación, nas que se indican, entre paréntese, o número de taxons estudados de cada unha: *Agaricaceae* (9), *Amanitaceae* (3), *Bankeraceae* (3), *Bolbitiaceae* (1), *Clavariaceae* (1), *Corticaceae* (1), *Cortinariaceae* (4), *Entolomataceae* (1), *Hyaloriaceae* (1), *Hydnangiaceae* (1), *Hygrophoraceae* (1), *Hymenochaetaceae* (1), *Hymenogastraceae* (1), *Incrustoporiaceae* (1), *Inocybeaceae* (3), *Irpicaceae* (2), *Lyophyllaceae* (1), *Marasmiaceae* (1), *Meruliaceae* (1), *Mycenaceae* (2), *Niaceae* (2), *Omphalotaceae* (2), *Paxillaceae* (1), *Peniophoraceae* (1), *Phallaceae* (2), *Physalariaceae* (1), *Pluteaceae* (2), *Polyporaceae* (1), *Psathyrellaceae* (3), *Russulaceae* (4), *Sistotremastraceae* (1), *Strophariaceae* (5), *Tapinellaceae* (1), *Tricholomataceae* (5) e *Tubariaceae* (2).

Engádense 72 taxons para a área de estudo, dos que *Leucocoprinus fragilissimus*, *Cortinarius pseudocyanites*, *Hebeloma fusisporum*, *Hebeloma nauseosum*, *Flagelloscypha niveola*, *Rhizomarasmus setosus* e *Hemimycena mauretanica* son novidades para Galicia. Apórtanse unhas breves observacións sobre elas e, en *Arrhenia onisca*, debido ao caos nomenclatural existente neste taxon, inclúese un estudo pormenorizado e unhas detalladas notas nomenclaturais.

Con esto, o catálogo da Zona de Especial conservación (ZEC) Gándaras de Budiño ascende a 458 especies en total.

AGARICALES

Familia Agaricaceae

***Cystolepiota moelleri* Knudsen**, *Bot. Tidsskr.*, 73 (2): 134. 1978 [Fig. 2]

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, baixo *Salix atrocinerea* entre follas e herbas, 6-12-2020, O. Requejo, LOU-Fungi 21838.

Coñecida de toda Galicia, excepto a provincia de Ourense.

***Cystolepiota sistrata* (Fr.) Singer ex Bon & Bellù**, *in* Bon, *Doc. mycol.*, 15 (59): 51. 1985 [Fig. 2]

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, baixo *Eucalyptus globulus*, 4-12-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21811.

Só foi mencionada dúas veces para a provincia de Pontevedra.

***Echinoderma asperum* (Pers.) Bon**, *Doc. mycol.*, 21 (82): 62. 1991

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, entre herbas, baixo *Quercus robur* e *Pinus pinaster*, 4-12-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21810.

Moi frecuente en Galicia.

***Leucoagaricus sericifer* (Locq.) Vellinga**, *Persoonia*, 17 (3): 477. 2000

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, baixo *Alnus lusitanica*, entre follas e herbas, 8-8-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21800.

Unicamente mencionado dúas veces, para Lugo e Pontevedra.

***Leucocoprinus fragilissimus* (Ravenel ex Berk. & M.A. Curtis) Pat.**, *Essai tax. Hyménomyc.*: 171. 1900

O Porriño, Pontellas, 29TNG29836249, 27 m, baixo *Pinus pinaster*, 26-9-2021, A. Melón, AMR185.

Taxon de distribución principalmente pantropical. Novidade para Galicia, trátase da quinta cita a nivel peninsular e novena a nivel



Fig. 2. a) *Cystolepiota moelleri*; b) *Cystolepiota sistrata*; c) *Descomyces albus*; d) *Clavicornia angustispora*

europo segundo a base de datos de GBIF (en liña).

Trátase dunha especie moi infrecuente en Europa. Os caracteres macroscópicos e microscópicos coinciden coa descrición feita por BON (1993), se ben existen certas ambigüidades con estes últimos segundo os diversos autores, xa que a fraxilidade dos carpóforos dificulta moito atopar e analizar determinadas estruturas celulares (REID & EICKER, 1993).

***Lepiota castanea* Qué.**, *Compt. Rend. Assoc. Franç. Avancem. Sci*, 9:661. 1881 (1880)

O Porriño, Budiño, Orbenlle, Os Eidos, 29TNG3022, 30 m, baixo

Quercus robur e *Alnus lusitanica*, 15-11-2018, O. Requejo, LOU-Fungi 21821.

Novedade para a provincia de Pontevedra, só se coñece da de Lugo.

Lycoperdon nigrescens Pers., *Neues Mag. Bot.*, 1:87. 1794

Tui, Guillarei, 29TNG30455670, 5m, baixo *Quercus robur*, *Fraxinus angustifolia* e *Alnus lusitanica*, 10-10-2021, A. Melón, AMR203.

Macrolepiota excoriata (Schaeff.) Wasser, *Ukr. bot. Zh.*, 35 (5):516. 1978

Tui, Guillarei, Albelos, 29TNG3043, 13m, baixo *Quercus robur*, entre herbas, 29-11-2017, M. Garea e O. Requejo, LOU-Fungi 20980.

Moi común por todo o territorio galego.

Macrolepiota fuliginosa (Barla) Bon, *Doc. mycol.*, 7 (27-28): 20. 1977

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21m, baixo *Quercus robur* entre herbas, 11-11-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21807.

Frecuente en Galicia.

Familia *Amanitaceae*

Amanita battarrae (Boud.) Bon, *Doc. mycol.*, 16(61): 16. 1985

Salceda de Caselas, desembocadura do río Becerreira, 29TNG3019, 20m, baixo *Quercus robur*, 2-12-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20983.

Mencionada para as provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra, nesta en tres ocasións.

Amanita muscaria (L.) Lam., *Encycl. Méth. Bot. (Paris)*, 1 (1): 111. 1783

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21m, baixo

Quercus robur e *Betula* sp., 29-11-2017, M. Garea e O. Requejo, LOU-Fungi 20976.

Extremadamente común.

***Amanita torrendii* Justo**, in Justo, Morgenstern, Hallen-Adams & Hibbett, *Mycologia*, 102(3): 682. 2010

= *Torrendia pulchella* Bres.

Salceda de Caselas, desembocadura do río Becerreira, 29TNG3019, 20 m, baixo *Quercus robur* en noiro de terra, 31-11-2020, O. Requejo, LOU-Fungi 21836.

Estendida por toda Galicia.

Familia *Bolbitiaceae*

***Descomyces albus* (Bull.) Bougher & Castellano**, *Mycologia*, 85 (2): 280. 1993 [Fig. 2]

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, en camiño de terra baixo *Quercus robur* e *Eucalyptus globulus*, 29-11-2017, M. Garea e O. Requejo, LOU-Fungi 20974.

Asociada preferentemente a eucaliptos, citada en toda Galicia excepto na provincia de Ourense.

Familia *Clavariaceae*

***Clavicornia angustispora* O.Requejo, ML.Castro, G. Corriol & Justo**, Fungi Iberici 4: en prensa. 2024 [Fig. 2]

O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3062, 22 m, entre follas de *Salix atrocinerea* e restos de madeira, 7-12-2013, O. Requejo, LOU-Fungi 20626. *Ibidem* 22-9-2014, O. Requejo, LOU-Fungi 20629. *Ibidem* 7-12-2016, O. Requejo, LOU-Fungi 20667.

Especie recentemente descrita como nova (REQUEJO *et al.*, 2024), só coñecida nesta zona.

Familia *Cortinariaceae*

***Cortinarius bolaris* (Pers.) Zawadzki**, [as '*Cortinaria*'], *Enum.*

Plant. Galic. Bucow. (Breslau): 161. 1835

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, baixo *Quercus robur* e *Pinus pinaster*, 26-10-2019, O.Requejo, LOU-Fungi 21832.

***Cortinarius elatior* Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 274. 1838

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, baixo *Quercus robur*, 26-10-2019, O.Requejo, LOU-Fungi 21829.

Mencionado para Galicia, excepto na provincia de Ourense.

***Cortinarius pseudocyanites* Rob.Henry ex Bidaud & Reumaux**, in Bidaud, Moënné-Loccoz, Carteret, Reumaux & Eyssartier, *Atlas del Cortinaires* (Myzieu) 15: 1032. 2005 [Fig. 3]

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, baixo *Quercus robur*, 11-12-2017, O.Requejo, LOU-Fungi 20973.

Os caracteres macroscópicos coinciden coas descrições de MARCHAND (1983) e BREITENBACH & KRÄNZLIN (2000), que caracterizan a especie polo azuleamento da trama do pé e avermellamento da do píleo, con cheiro afroitado e sabor amargo e desagradable. As esporas son elipsoidais finamente punteadas, de 9-11 x 5-6,25(7) µm. Non foron observados cistidios himeniais, pero si células marxinais en forma de cravo e cilíndricas, ata 30 x 8 µm. Na cutícula presenta hifas paralelas, con fíbulas e xelificadas, ata 8 µm de diámetro.

Primeira cita galega, parece tratarse dunha especie pouco frecuente, xa que en GBIF (en liña) aparece de forma espallada en Centroeuroa, Países Baixos e unha mención para o sur de Francia e outra para Euskadi.

***Cortinarius uliginosus* Berk.**, *Outl. Brit. Fungol.*: 190. 1860

Salceda de Caselas, desembocadura do río Becerreira, 29TNG3019, 20 m, entre *Sphagnum*, baixo *Salix atrocinerea*, 31-10-2016, O.Requejo, LOU-Fungi 20683.

En Galicia parece ter distribución atlántica, provincias da Coruña e Pontevedra.



Fig.3. *Cortinarius pseudocyanites*

Familia *Entolomataceae*

***Entoloma jahnii* Wölfel & Winterh.**, *Öst. Z. Pilzk.*, 2: 14. 1993
Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, sobre pequenas polas semienterradas de *Salix atrocinerea*, 7-7-2018, O.Requejo, LOU-Fungi 21817.

Para Galicia aparece mencionado tres veces na provincia de Pontevedra.

Familia *Hydnangiaceae*

***Laccaria bicolor* (Maire) P.D.Orton**, *Trans. Br. mycol. Soc.*, 43(2): 280. 1960
O Porriño, Pontellas, 29TNG29686262, 30 m, baixo *Pinus pinaster*, 7-11-2021, A.Melón, AMR241.

Familia *Hygrophoraceae*

***Cuphophyllus virgineus* (Wulfen) Kovalenko**, *in* Nezdoîminogo, *Opred. Gribov SSSR*:37. 1989
O Porriño, Pontellas, aeródromo, 29TNG3007, 20 m, entre herbas, 27-12-2018, O.Requejo, LOU-Fungi 21818.

Familia *Hymenogastraceae*

***Galerina nana* (Petri) Kühner**, *Galera*: 219. 1935

Tui, Guillarei 29TNG30475665, 4 m, couce de *Quercus robur*, 5/12/2021, A. Melón, AMR255.

Aparece só unha cita de LAGO-ÁLVAREZ (2008) na mesma provincia, polo que se trataría da segunda cita para Pontevedra e a totalidade do territorio galego.

Familia *Inocybeaceae*

***Crepidotus applanatus* (Pers.) P. Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 74. 1871

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, sobre tronco caído de *Salix atrocinerea*, 13-11-2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20969.

Espallado por toda Galicia, inda que non se coñece de Ourense.

***Inocybe geophylla* P. Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 78. 1871

Tui, Guillarei, Veigas do Louro, 29TNG3048, 12 m, en camiño de terra baixo *Quercus robur* e *Alnus lusitanica*, 20-10-2019, O. Requejo, LOU-Fungi 21827.

Coñecido das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra.

***Inocybe paludinella* (Peck) Sacc.**, *Syll. fung.*, 5: 788. 1887

Tui, Albelos, 29TNG30645982, 9 m, baixo *Alnus lusitanica* e *Salix atrocinerea*, 31/10/2021, A. Melón, AMR173.

Só se coñece unha cita de COSTA en A Coruña (2019), polo que se trata da segunda cita para o territorio galego e a primeira para Pontevedra.

Familia *Lyophyllaceae*

***Lyophyllum decastes* (Fr.) Singer**, *Lilloa*, 22: 165. 1951 (1949)

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, baixo *Quercus robur* e *Pinus pinaster*, 15/1/2018, O. Requejo, LOU-Fungi 20998.

Frecuente por toda Galicia.

Familia *Marasmiaceae*

***Rhizomarasmius setosus* (Sowerby) Antonín & A. Urb.**, in P.-A. Moreau, Vila, Aime, Antonín, E. Horak, Pérez-Butrón, F. Richard, A. Urb., Welte & Vizzini, *Mycol. Progress*, 14(2/4): 10. 2015 [Fig. 4]

= *Marasmius setosus* (Sowerby) Noordel.

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, sobre follas de *Salix atrocinerea* e restos herbáceos, en pasto con solo areoso, 13/11/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20971.

O material estudado coincide coa descrición de NOORDELOOS (1995), neste caso non se observou ningunha cuberta viscosa nos queilocitidios, incluso algún deles semellaba ter unha parede acha de ata 1 µm. En canto ao substrato a bibliografía o cita como típico de follas caídas e pedicelos destas, raramente en herbas, neste caso frutificou sobre o substrato menos común.

Especies similares son *M. epiphyllus* (Pers.) Fr. e *M. epiphyllodes* (Rea) Sacc. que non teñen as láminas tan ben formadas, non chegando ao borde do píleo, incluso a modo de nervaduras ou anastomosadas, e o recobramento do estipe é pruinoso, e non teñen pelos hialinos de ata 1 mm (NOORDELOOS, 1995).

Primeira cita galega, amplamente distribuído en Europa a pesares de ser unha especie que pode pasar inadvertida. Pode ser este o motivo que xustifique a ausencia no resto de continentes, excepto o americano, onde a distribución é moi pobre (GBIF).

Familia *Mycenaceae*

***Favolaschia calocera* R. Heim**, *Rev. Mycol. (Paris)*, 31(2): 154. 1966

O Porriño, Torneiros, sobre madeira de *Quercus robur*, 11/11/2021, O. Requejo, LOU-Fungi 21833.

Especie considerada por algúns autores como invasora, está cada vez máis espallada por Galicia en diferentes substratos (CASTRO & PÉREZ-TORRÓN, 2019).




Fig.4. *Rhizomarasmius setosus*. a) basidioma; b) esporas; c) queilocitidios; d) basidios; e) pileipelis.

***Pseudohydropsus floccipes* (Fr.) Vizzini & Consiglio**, in Consiglio, Vizzini, Cooper, Marchetti, Angelini, Brugaletta & Setti, *Riv. Micol.*, 64 (2): 167. 2022

Salceda de Caselas, desembocadura do río Becerreira, 29TNG3019, 20 m, sobre casca de *Salix atrocinerea*, 31/10/2016, O. Requejo, LOU-Fungi 20684.

Familia *Niaceae*

***Flagelloscypha niveola* (Sacc.) Knudsen**, in Knudsen & Vesterholt, *Funga Nordica*: 913. 2008 [Fig.5]

Salceda de Caselas, desembocadura do río Becerreira, 29TNG3019, 20 m, sobre folla sen identificar, 4/2/2018, O. Requejo, LOU-Fungi 21823.

A primeira vista pode parecer un pequeno ascomiceto da familia *Hyaloscyphaceae* pero a presenza de basidios descarta esa opción. Caracterízase polos diminutos basidiomas de ata 2 mm de lonxitude, pedicelados, con forma de cunca recuberta de pelos de paredes anchas, recubertos por finas granulación e coroados no ápice por cristais poligonais de ata 4 µm de lonxitude e esporas lacrimiformes de 8,5-10 x 2-3,5 µm. (AGERER, 1983).

Primeira cita galega e apenas representada na Península Ibérica xa que o GBIF so recolle un rexistro en Portugal e en España hai un rexistro procedente de Navarra na páxina do Centro de Estudios Micolóxicos Asturianos. A distribución mundial está concentrada en Europa con escasos rexistros en Norte América.




Fig. 5. *Flagelloscypha niveola*. a) esporocarpio; b) basidioma ao micro en vermello congo; c) detalle dos pelos externos; d) esporas.

***Lachnella alboviolascens* (Alb. & Schwein.) Fr., *Summa veg. Scand.*: 365. 1849**

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, sobre *Phytolacca americana* seca, 4/12/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21812.

Non é unha especie frecuente, pero coñécese da Coruña, Lugo e Pontevedra.

Familia *Omphalotaceae*

***Collybiopsis ramealis* (Bull.) Millsp., *West Virginia Geol. Surv., Ser. A*, 5(1): 127. 1913**

= *Marasmiellus ramealis* (Bull.) Singer

Tui, Guillarei, 29TNG30495670, 5m, en póla de árbore caducifolia sen identificar, 26/9/2021, A. Melón, AMR164.

Especie frecuente en toda Galicia.

***Gymnopus aquosus* (Bull.) Antonín & Noordel.**, in Antonín, Halling & Noordel., *Mycotaxon*, 63: 363. 1997

Tui, Albelos, 29TNG30645984, 9m, baixo *Alnus lusitanica* e *Salix atrocinerea*, 26/9/2021, A. Melón, AMR181.

Só aparece unha cita para a provincia de Pontevedra en MELÓN & CASTRO (2021), polo que se trataría da segunda cita no territorio galego.

Familia *Physalariaceae*

***Flammulina velutipes* (Curtis) Singer**, *Lilloa*, 22: 307. 1951 (1949)

O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3062, 22m, sobre *Cytisus scoparius*, 17/3/2018, O. Requejo, LOU-Fungi 21815.

Extremadamente frecuente por toda Galicia.

Familia *Pluteaceae*

***Pluteus cervinus* (Schaeff.) P. Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 99. 1871

Tui, Guillarei, Veigas do Louro, 29TNG3048, 12m, sobre tronco de *Alnus lusitanica*, 3/10/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21802.

É a especie máis común do xénero, espallada por todo o territorio.

***Pluteus salicinus* (Pers.) P. Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 99. 1871

Tui, Guillarei, Veigas do Louro, 29TNG3048, 12m, sobre tronco caído de *Alnus lusitanica*, 3/8/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21803.

Coñecido de Lugo e Pontevedra.

Familia *Psathyrellaceae*

***Coprinopsis atramentaria* (Bull.) Redhead, Vilgalys & Moncalvo**, in Redhead, Vilgalys, Moncalvo, Jacq. Johnson & Hopple, *Taxon*, 50(1): 226. 2001

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, entre follas e herbas, 5/12/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20982.

Espallada por toda Galicia.

***Coprinopsis lagopus* (Fr.) Redhead, Vilgalys & Moncalvo**, in Redhead, Vilgalys, Moncalvo, Jacq. Johnson & Hopple, *Taxon*, 50(1): 229. 2001

O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3062, 22 m, entre follas de *Quercus robur*, 23/12/2016, O. Requejo, LOU-Fungi 20681.

Mencionada para A Coruña e unha vez en Pontevedra.

***Parasola conopila* (Fr.) Örstadius & E. Larss.**, *Mycol. Res.*, 112(10): 1180. 2008

= *Psathyrella conopila* (Fr.) A. Pearson & Dennis

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, entre follas de *Salix atrocinerea* e herbas, 30/11/2020, O. Requejo, LOU-Fungi 21835.

En Galicia aparece mencionada para A Coruña, Ourense e Pontevedra.

Familia *Strophariaceae*

***Agrocybe praecox* (Pers.) Fayod**, *Ann. Sci. Nat., Bot.*, sér. 7, 9: 358. 1889

Tui, Guillarei, Albelos, 29TNG3043, 13 m, entre herbas baixo *Populus nigra*, 5/5/2015, O. Requejo, LOU-Fungi 20978.

Frecuente por toda Galicia.

***Hebeloma birrus* (Fr.) Gillet**, *Tabl. Anal. Hyménomyc. France*: 115. 1884

O Porriño, Pontellas, 29TNG29656261, 31 m, baixo *Pinus*

pinaster, 5/12/2021, A. Melón, AMR249.
Citada para Lugo, Ourense e Pontevedra.

***Hebeloma fusisporum* Gröger & Zschiesch., Z. Mykol., 47 (2): 204. 1981 [Fig. 6]**

Salceda de Caselas, desembocadura do río Becerreira, 29TNG3019, 20 m, baixo *Salix atrocinerea* e *Alnus lusitanica*, 31/10/2016, O. Requejo, LOU-Fungi 20686.

É un *Hebeloma* que non presenta cortina, coa superficie do sombreiro visguenta e bi ou unicolor co centro branco crema ou marfil. As láminas son adnadas, que poden presentar pequenas bágoas e teñan a arista fimbriada. O pé é cilíndrico ou craviforme, pruinoso especialmente no ápice, cheo. O cheiro é aromático e agradable sen matices de terra tan típico no xénero. Esporada parda, esporas fusiformes a amigdaliformes de 12-14 x 5,5-7 µm. Queilocistidios observados, bastante variables, cilíndricos, craviformes, lageniformes que sobrepasan os 70 µm de lonxitude. Unha especie similar é *H. sacchariolens* Quél., que ten as tonalidades do centro do píleo pardas e o volumen esporal tamén é menor que o de *H. fusisporum* (BEKER *et al.*, 2016).

Primeira mención galega. As citas ibéricas concéntranse no norte. Ben distribuído no continente europeo, que é, onde se mencionan case todos os rexistros mundiais que recolle o GBIF.

***Hebeloma nauseosum* Sacc., Syll. fung., 9: 102. 1891 [Fig. 7]**

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, baixo *Salix atrocinerea*, entre *Sphagnum*, 28/9/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21806.

Sombreiro de anchamente umbonado a hemisférico, unicolor, crema abrancazado, de 11-66 mm na literatura, os exemplares recollidos son de 11-30 sen restos de veo. Nas láminas a aresta é branqueciña e fimbriada e non ten gotas. O pé é cilíndrico de cor branco, pruinoso no ápice. Carne cun cheiro moi agradable. O aspecto que mellor caracteriza a especie é o gran tamaño esporal, xa que a literatura recolle medidas de (10,9) 11,1-16,8 (18,9) x (6,4) 6,8-9,3 (10) µm nas coleccións estudadas por BEKER *et al.* (2016) e as do material estudado son de (12,5) 13-15 (17,5)



Fig. 6. *Hebeloma fusicolorum*. a) basidiomas; b) superficie do píleo; c) esporas; d) queilocistidios.

x(5) 5,6-7,5 μm, estas medidas sepáranos de outras especies da sección *Sacchariolentia* como *H. odoratissimum* Britzelm.

É unha especie con distribución europea, sen citas fora do continente (BEKER *et al.*, 2016). Non atopamos rexistros para Galicia.

***Flammula alnicola* (Fr.) P. Kumm., *Führer Pilzk.*: 82. 1871**

= *Pholiota alnicola* (Fr.) Singer

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, baixo *Alnus lusitanica*, entre herbas, directamente na terra, 22/11/2017, J.A. Gándara e O. Requejo, LOU-Fungi 21805.

Mencionada para as catro provincias galegas, máis frecuente en Pontevedra.

Familia *Tricholomataceae*

***Arrhenia onisca* (Fr.) Redhead, Lutzoni, Moncalvo & Vilgalys, *Mycotaxon*, 83: 47. 2002 [Fig. 8]**

= *Omphalina oniscus* (Fr.) Quél.




Fig.7. *Hebeloma nauseosum*. a) basidiomas; b) esporas; c-f) queilocistidios.

O Porriño, Pontellas, barreiras de Centeáns, 29TNG3007, 20 m, baixo *Pinus pinaster* entre *Sphagnum*, 12/7/2020, M. Garea e O. Requejo, LOU-Fungi 21834.

Píleo de ata 10 mm de diámetro, deprimido no centro, cor case negro en fresco, pardo negruzco cando comeza a secar, higrófono, estriado por transparencia. Láminas anchas, decorrentes, agrisadas, arista concolor. Pé cilíndrico, de 15-22 x 1,5-2 mm, da mesma cor co sombreiro. Trama grisácea, higrófana, sen cheiro nin sabor relevante. Esporas 7,5-9,5 x 4,5-6 µm, elipsoidais. Basidios en forma de cravo e tetraspóricos, de 30-44 x 7-10 µm. Pileipelis tipo cutis, formada por hifas de 4-10 µm de diámetro con pigmentos incrustantes. Fíbulas presentas nas estruturas observadas.

Arrhenia gerardiana (Peck) Elborne, é unha especie moi similar, que se diferencia pola presenza de pequenas escamas na superficie do píleo (KUYPER, 1995).

É unha especie rara ligada a briófitos de zonas turbosas, coma

os *Polytrichum* (KUYPER, 1995), con todo, neste caso foi recollido entre *Sphagnum* nunha antiga turbeira. Distribúese principalmente no hemisferio norte, coa meirande parte das citas en Europa, onde se amosa ben distribuída a pesares do exclusivo hábitat.

Próxima á zona de traballo aparece mencionada para A Coruña (FREIRE, 1982), Lugo (CASTRO, 1985) e Asturias (RUBIO DOMÍNGUEZ, en liña).

Trátase dun taxon rodeado de gran controversia nomenclatural. REDHEAD *et al.* (2002) recombinaron *Agaricus oniscus* Fr. no xénero *Arrhenia* e no mesmo traballo, considérase como taxon diferente a *Lichenomphalia umbellifera* (L.:Fr.) comb. nov. (= *Agaricus umbelliferus* L.:Fr.).

GBIF (en liña) amosa dúas fichas diferentes para *Arrhenia oniscus* (sic, nº 119277293) e *Omphalina oniscus* (nº 5242308), considerando ambas sinónimas de *Lichenomphalia umbellifera*. INDEX FUNGORUM (en liña) establece que o nome válido para *Omphalina oniscus* (Fr.) Quél. é o de *Lichenomphalia umbellifera* (L.) Redhead, Lutzoni, Moncalvo & Vilgalys (nº 5244016), Con todo, ao intentar consultar esta páxina non é posible acceder a ela por un error da propia base.

Este caos nomenclatural, parece ser posteriormente aclarado no traballo de VOITK *et al.* (2022), onde indica que *Lichenomphalia umbellifera* (= *Agaricus umbelliferus* L.:Fr.) foi un nome mal aplicada ata o momento. A proposta destes autores é que se trata dun taxon diferente, que inclúen en *Owingsia*, coma *O. umbellifera* (L.) Voitk, Saar & Thor (familia *Phyllasacriaceae*), sin nada que ver con *Arrhenia* ou *Omphalina*.

Por todo isto, decidíuse deixar como nome válido *Arrhenia onisca* (Fr.) Redhead, Lutzoni, Moncalvo & Vilgalys.

***Hemimycena mauretanica* (Maire) Singer**, *Annls mycol.*, 41 (1/3): 121. 1943 [Fig. 9]

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, sobre restos herbáceos e de *Erica ciliaris*, 24/9/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21801.




Fig. 8. *Arrhenia onisca*. a) basidiomas (fotografía Manuel Garea); b) basidiomas inmaduros; c) esporas; d) basidios; e-f) hifas da pelis.

Pequena especie de cor branco cándido co píleo que ronda os 2mm de diámetro, coa superficie con aspecto pubescente, non higrófono nin con estrias por transparencia. Láminas distantes de 6-9, adnadas a decorrentes. Pé de 6x1,5mm, pubescente que en ocasións exuda pequenas gotiñas. Esporas de 10-12,5x3,7-4,5µm, basidios tetráspóricos, sen cystidios himeniais observados e conn pileocistidios moi estreitamente fusiformes ou filiformes de 20-70x3-10µm. Seguindo as claves da monografía de ANTONÍN & NOORDELOOS (2004) identifícase como *H. mauretana*, na que existen distintas variedades, xa que este autor comenta que se trata dunha especie con morfoloxía moi variable. O tamaño esporal do material estudado, de 10-12,5x3,7-4,5µm, xunto cos basidios tetráspóricos e a presenza de fíbulas parece pertencer á variedade *megaspora* Kühn.

Primeira cita galega. Prefere o Hemisferio Norte, concretamente en Europa é onde concentra case todas as observacións que figuran en GBIF (en liña).



Fig. 9. *Hemimycena mauretanica*

***Omphalina mutila* (Fr.) P.D. Orton**, *Trans. Br. mycol. Soc.*, 43 (2): 180. 1960 [Fig. 10]

O Porriño, Pontellas, barreiras de Centeáns, 29TNG3007, 20 m, baixo *Salix atrocinerea* e *Erica cinerea* entre *Sphagnum*, 26/8/2014, J.A. Gándara e O. Requejo, LOU-Fungi 21816.

Mencionada recentemente para Galicia, tamén na provincia de Pontevedra (RUBIO & CORRAL, 2021).

***Tricholoma stans* (Fr.) Sacc.**, *Syll. fung.*, 5: 94. 1887

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, baixo *Pinus pinaster*, 29/11/2017, M. Gareia e O. Requejo, LOU-Fungi 20975.

Especie citada por toda Galicia, máis frecuente nas dúas provincias atlánticas.

***Tricholoma sulphureum* (Bull.) P. Kumm.**, *Führer Pilzk.*: 133. 1871

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, baixo *Quercus robur* e *Pinus pinaster*, 30/11/2020, O. Requejo, LOU-Fungi 21837.

Frecuente en toda a Comunidade galega.

Familia *Tubariaceae*

***Cyclocybe aegerita* (V. Brig.) Vizzini**, *Index Fungorum*, 134: 1. 2014

Salceda de Caselas, desembocadura do río Becerreira, 29TNG3019, 20 m, sobre raíz de *Populus nigra*, 5/12/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20981.

Conocida das catro provincias galegas.

***Phaeomarasmius erinaceus* (Fr.) Scherff. ex Romagn.**, *Revue Mycol. Paris*, 2 (4): 195. 1937

O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitolóxicos, 29TNG3062, 22 m, sobre *Salix atrocinerea*, 17/3/2018, O. Requejo, LOU-Fungi 21814.

Novedade para Pontevedra. Coñecido de Lugo e Ourense.

AURICULARIALES

Familia *Hyaloriaceae*

***Myxarium nucleatum* Wallr.**, *Fl. crypt. Germ.*, 2: 260. 1833
= *Exidia nucleata* (Schwein.) Burt

O Porriño, Budiño, Orbenlle, Os Eidos, 29TNG3022, 30 m, sobre pola caída de *Laurus nobilis*, 13/3/2018, O. Requejo, LOU-Fungi 21813.

Observado nas provincias atlánticas, A Coruña e Pontevedra.

BOLETALES

Familia *Paxillaceae*

***Paxillus rubicundulus* P.D. Orton**, *Notes Roy. Bot. Gard. Edinburgh*, 29(1): 110. 1969

Tui, Albelos, 29TNG30665982, 9 m, baixo *Alnus lusitanica*, 26/9/2021, A. Melón, AMR172.

Coñecido para A Coruña, Lugo e Pontevedra.

Familia *Tapinellaceae*

***Tapinella panuoides* (Fr.) E.-J. Gilbert**, *Bolets*: 68. 1931

O Porriño, Budiño, Orbenlle, Os Eidos, 29TNG3022, 30 m, en tocón de *Pinus pinaster*, 15/11/2018, O. Requejo, LOU-Fungi 21822.

Ampliamente mencionada para Galicia.

CORTICIALES

Familia *Corticaceae*

***Lyomyces sambuci* (Pers.) P. Karst.**, *Bidr. Känn. Finl. Nat. Folk*, 37: 153. 1882 [Fig. 10]

= *Hyphodontia sambuci* (Pers.) J. Erikss.

Tui, Guillarei, Albelos, 29TNG3043, 13 m, sobre polas de *Alnus lusitanica*, 22/12/2015, O. Requejo, LOU-Fungi 20696.

Novedade para Pontevedra, coñecida da Coruña, Lugo e Ourense.

HYMENOGYALES

Familia *Hymenochaetaceae*

***Phellinus igniarius* (L.) Quél.**, *Enchir. fung.*: 172. 1886

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, sobre *Salix atrocinerea*, 4/4/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20979.

Común por toda Galicia.

PHALLALES

Familia *Phallaceae*

***Aseröe rubra* Labill.**, *Bull. Murith. Soc. Valais. Sci. Nat.*, 1: 145. 1800

O Porriño, Torneiros, baixo *Quercus robur* e *Alnus lusitanica*, 11/11/2021, O. Requejo, GMG-fungi 0803.

O material citado é unha forma albina citada en REQUEJO & CASTRO (2022), e depositada no herbario do Grupo Micolóxico Galego GMG-fungi.

Cada vez máis frecuente, inda que en Galicia só é mencionado da provincia de Pontevedra.

***Clathrus archeri* (Berk.) Dring**, *Kew Bull.*, 35 (1): 29. 1980

O Porriño, Budiño, Orbenlle, Os Eidos, 29TNG3022, 30 m, entre *Arundo donax*, 5/8/2019, O. Requejo, LOU-Fungi 21825.

Coñecido das provincias atlánticas.

RUSSULALES

Familia *Peniophoraceae*

***Peniophora quercina* (Pers.) Cooke**, *Grevillea*, 8 (45): 20. 1879

Tui, Ribadelouro, Ponte da Madalena, 29TNG2992, 26 m, sobre pola de *Quercus robur*, 22/2/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20694.

Amplamente distribuída por Galicia.

Familia *Russulaceae*

***Lactifluus vellereus* (Fr.) Kuntze**, *Revis. gen. pl.*, 2: 857. 1891
= *Lactarius vellereus* (Fr.) Fr.

O Porriño, Budiño, Orbenlle, observatorios ornitológicos, 29TNG3062, 22 m, baixo *Quercus robur*, 7/12/2016, O. Requejo, LOU-Fungi 20668.

Frecuente en toda a Comunidade Autónoma.

***Russula fragilis* Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 359. 1838

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, baixo *Quercus robur* e *Betula* sp., 29/11/2017, M. Garea e O. Requejo, LOU-Fungi 20977.

Publicada para as provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra.

***Russula grisea* Fr.**, *Epicr. syst. mycol.*: 361. 1838

Tui, Guillarei, Veigas do Louro, 29TNG3048, 12 m, baixo *Quercus robur*, 3/10/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21804.

Mencionada para as provincias atlánticas.

***Russula parazurea* Jul. Schäff.**, *Z. Pilzk.*, 10 (4): 105. 1931

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, baixo *Quercus robur*, 11/11/2017, O.Requejo, LOU-Fungi 21808.

Foi indicada para as provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra.

SISTOTREMASTRALES

Familia *Sistotremastraceae*

***Sertulicium niveocreum* (Höhn. & Litsch.) Spirin & K.H. Larss.**, in Spirin, Volobuev, Viner, Miettinen, Vlasák, Schoutteten, Motato-Vásq., Kotir. & K.H.Larss., *Mycol. Progress*, 20(4): 466. 2021

= *Sistotremastrum niveocreum* (Höhn. & Litsch.) J. Erikss.

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, sobre madeira en descomposición de *Alnus lusitanica*, 22/2/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20695.

Segunda vez que se cita para Galicia e para Pontevedra (LAGO *et al.*, 2002).

THELEPHORALES

Familia *Bankeraceae*

***Hydnellum ferrugineum* (Fr.) P. Karst.**, *Meddel. Soc. Fauna Fl. Fenn.*, 5: 41. 1879

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, baixo *Quercus robur* e *Pinus pinaster*, 26/10/2019, O. Requejo, LOU-Fungi 21830.

Común por toda Galicia.

***Phellodon niger* (Fr.) P. Karst.**, *Rev. mycol. (Toulouse)*, 3(9): 19. 1881

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, baixo *Quercus robur*, 15/1/2018, O. Requejo, LOU-Fungi 20997.

Común por toda Galicia.

***Sarcodon squamosus* (Schaeff.) Quél., *Enchir. fung.*: 188. 1886**

O Porriño, Pontellas, barreiras de Centeáns, 29TNG3007, 20 m, baixo *Pinus pinaster*, 28/11/2018, O. Requejo, LOU-Fungi 21820.

Podería considerarse novidade para Pontevedra, xa que só foi citado por MARCOTE (2013) para A Coruña, pero con anterioridade era confundido con *Sarcodon imbricatum* (Fr.) P.Karst., mencionado para as catro provincias.

POLYPORALES

Familia *Incrustoporiaceae*

***Skeletocutis nivea* (Jungh.) Jean Keller, *Persoonia*, 10 (3): 33. 1979**

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, sobre pola de *Quercus robur*, 24/2/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20697.

En Galicia é coñecido da Coruña, Lugo e Pontevedra.

Familia *Irpicaceae*

***Ceriporia reticulata* (Hoffm.) Domański, *Acta Soc. Bot. Pol.*, 32(4): 732. 1963 [Fig. 10]**

Tui, Rebordáns, Ponte das Febres, 29TNG2996, 21 m, sobre madeira degradada sen identificar, 6/2/2018, O. Requejo, LOU-Fungi 21809.

Anteriormente mencionada de Lugo e Pontevedra.

***Irpex lacteus* (Fr.) Fr., *Elench. fung.*, 1: 142. 1828**

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35 m, sobre pola de *Alnus lusitanica*, 31/7/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 20699.

Frecuente por toda a Comunidade galega.



Fig. 10. a) *Omphalina mutila*; b) *Lyomyces sambuci*; c) *Mycoacia fuscoatra*; d) *Ceriporia reticulata*

Familia *Meruliaceae*

***Mycoacia fuscoatra* (Fr.) Donk**, *Meded. Ned. Mycol. Ver.*, 18-20: 152. 1931 [Fig. 10]

Tui, Guillarei, Veigas do Louro, 29TNG3048, 12 m, sobre madeira de *Fraxinus excelsior*, 3/7/2017, O. Requejo, LOU-Fungi 21831. Coñecida de Lugo e Pontevedra.

Familia *Polyporaceae*

***Picipes badius* (Pers.) Zmitr. & Kovalenko**, *Int. J. Med. Mushr.*, 18(1): 35. 2016

= *Polyporus badius* (Pers.) Schwein.

Salceda de Caselas, Cerquido, Ponte Carneiro, 29TNG3160, 35

m, sobre *Salix atrocinerea*, 27/12/2018, O. Requejo, LOU-Fungi 21819.

Novidade para Pontevedra, coñecida unicamente de Lugo.

AGRADECEMENTOS

Os autores desexan agradecer a todas as persoas que colaboran neste proxecto, Julio Valeiras, Ester Abad Casas e a todo o equipo de Valoranatura (Proxecto Valoranatura, Gándaras de Budiño da SGHN) e aos membros do Grupo Micolóxico Galego «Luis Freire». Dun xeito especial, a Manuel Garea pola compañía nas mostraxes de campo e pola fotografía de *Arrhenia onisca*.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- AGERER, R. 1983. Typusstudien an cyphelloiden pilzen IV- *Lachnella* Fr. s. l. *Mitt. Bot. München*, 19: 163-334.
- ANTONÍN, V.A. & NOORDELOOS, M.E. 2004. *A monograph of the genera Hemimycena, Delicatula, Fayodia, Gamundia, Myxomphalia, Resinomycena, Rickenella and Xeromphalina (tribus Mycenae sensu Singer, Mycena excluded) in Europe*. Eching. IHW Verlag.
- BEKER, J.H., EBERHART, U. & VERTERHOLT, J. 2016. *Fungi Europaei vol. 14. Hebeloma (Fr.) P. Kumm.* Lomazzo. Edizioni tecnográfica.
- BON, M. 1993. Flore mycologique d'Europe. 3. Les Lépiotes. *Lepiotaceae* Roze. *Doc. Mycol. Mémoire hors série*, 3: 1-153.
- BREITENBACH, J. & KRÄNZLIN, F. 2000. *Champignons de Suisse. Tome V. Cortinariaceae*. Lucerne. Ed. Mykologia.
- CASTRO, M.L. 1985. *Macromicetes de pinares de Galicia*. Universidade de Santiago. [tese de doutoramento]
- CASTRO, M.L. & PÉREZ-TORRÓN, G. 2019. O concepto de especie invasora nos fungos macromicetos. *Mykes*, 22: 101-108.
- COSTA LAGO, J.M. 2019. Listado de *Basidiomycetes* recolectados en la parroquia de A Gándara (Oroso). *Tarrellos*, 21: 4-7.
- FGM, Federación Galega de Micología (en liña). Catálogo de fungos de Galicia. Disponible en: <https://www.fgmicologia.org/basidiomycetos.php> [Consulta: 14/5/2024]
- FREIRE, L. 1982. *Macromycetes de la 'Selva Negra' (Santiago)*. Universidade de Santiago. [tese de doutoramento]

- GBIF Secretariat (2024). GBIF Backbone Taxonomy. Checklist dataset (en liña). Disponible en: <https://doi.org/10.15468/39omei> [Consulta: 14/7/2024]
- INDEX FUNGORUM (en liña) Nomenclatural Database Index Fungorum Partnership. Disponible en: <http://www.indexfungorum.org/names/names.asp> [Consulta: 18/5/2024]
- KIRK, P.M., CANNON, P.F., MINTER, D.W. & STALPERS, J.A. (Eds.). 2008. *Ainsworth et Bisby's Dictionary of the Fungi. 10th Edition*. CAB International. Wallingford (UK).
- KUYPER, C. 1995. *Omphalina* Qué. in Bas, C. Kuyper, TH.W. Noordeloos, M.E. & Vellinga, E.C. (eds.). *Flora Agaricina Neerlandica*, 3: 78-89.
- LAGO, M., LÓPEZ-PRADA, M.I. & CASTRO, M.L. 2002. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi 8441-8481. *Anales Jard. Bot. Madrid*, 60(1): 202-205.
- LAGO-ÁLVAREZ, M. 2008. Micoflora (*Basidiomycota*) de los eucaliptales del NO de la Península Ibérica. *Guineana*, 14: 1-502.
- MARCHAND, A. 1983. *Champignons du Nord et du Midi: Tome 8*. Société Mycologique des Pyrénées Méditerranéennes.
- MARCOTE, J.M.C. 2013. El género *Sarcodon* en Galicia. *Tarrellos*, 25: 9-15.
- MELÓN, A. & CASTRO, M.L. 2021. *Agaricales* na «Senda do río Eifonso» (Vigo, NO. España) *Mykes*, 24: 69-87.
- NOORDELOOS, M.E. 1995. In Bas, C., Kuyper, T., Noordeloos, M. & Vellinga, E.C. 1995. *Flora Agaricina Neerlandica*, vol. 3. Rotterdam. Ed. A.A. Balkema.
- REDHEAD, S., LUTZONI, F., MONCALVO, J.-M. & VILGALYS, R. 2002. Phylogeny of agarics: partial systematics solutions for core omphalinoid genera in the *Agaricales* (*Euagarics*). *Mycotaxon*, 83: 19-57.
- REID, D.A. & EICKER, A. 1993. South African fungi. 2. Some species of *Leucoagaricus* and *Leucocoprinus*. *S. African J. Bot.*, 59(1): 85-97.
- REQUEJO, O., CASTRO, M.L., CORRIOL, G. & JUSTO, A. 2024. *Clavicornia angustispora*, a new species from Southwestern Europe. *Fungi Iberici* (en prensa).
- REQUEJO, O. & CASTRO, M.L. 2015a. Micobiota de las Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica) I: *Ascomycota*. *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 39: 75-82.
- REQUEJO, O. & CASTRO, M.L. 2015b. Micobiota de las Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica) II: *Agaricales*.

Micolucus, 2: 43-59.

- REQUEJO, O. & CASTRO, M.L. 2017. Micobiota de la ZEC Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica). *Guineana*, 22: 1-216.
- REQUEJO, O. & CASTRO, M.L. 2019. Micobiota de las Gándaras de Budiño (Pontevedra, N.O. Península Ibérica) *Ascomycota* II. *Bol. Soc. Micol. Madrid*, 43: 45-54.
- REQUEJO, O. & CASTRO, M.L. 2022. Forma albina de *Aseroë rubra* Labill. na ZEC das Gándaras de Budiño (Pontevedra). *Mykes*, 25: 13-16.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. & CASTRO, M.L. (en liña). *MICOGA*. Base de datos de información corolóxica da micobiota galega [en liña]. Disponible en: <https://www.mykes.es/busquedas> [Consulta: 9/5/2024]
- RUBIO DOMÍNGUEZ, E. (en liña). Centro de Estudios Asturianos Disponible en: [Consulta: 17/5/2024]
- RUBIO, E. & CORRAL, S. 2021. *Omphalina mutila* in Catálogo Micolóxico de Galicia. FGM. Disponible en: <http://www.fgmicoloxia.org/catalogo.php> [Consulta: 5/5/2024]
- VOITK, A., SAAR, R.G. & THOR, I. 2022. *Lichenomphalia umbellifera*: fungible and infungible epithets and species concepts. *Mycotaxon*, 137 (4): 829-668.